



ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello 29.03.2017	Ref. 03/2017
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE MARZO DE 2017

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 10:00 horas do día 29 de marzo de 2017, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez

Polo grupo municipal de Gañamos:

D. Francisco Vázquez Troitiño
D. Miguel Angel Rodríguez Alonso
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva
D^a. M^a Aurora Giráldez Leirós

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Emilio Muñños Pumar
D^a. Silvia González Pereira

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Secretaria,

M^a Angeles García Villaverde

Interventora accidental

Marina Táboas Bernárdez

1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (27 de febreiro de 2017).

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, a acta da sesión celebrada con data 27 de febreiro de 2017.

Intervén o Sr. Muíños Pumar que di que non só van votar en contra de aprobala senón que piden que se corrixa practicamente na totalidade, que hai un montón de erros, no punto 3, na elección de xuíz de paz, aparecen dúas votacións que se contradicen totalmente: nunha hai 9 membros do PP e noutra 8, nunha o PSOE vota a favor e noutra en contra, que é algo que non queren que quede ahí e máximo nese tema. Despois que, seguen insistindo, hai varios puntos recollidos moi difuminados; e no tema do CIM foi recollido moi por arriba e que cando preguntou polo tema de Riscos laborais, foi unha pregunta e non un rogo.

A Alcaldesa dálle a palabra a Secretaria que di que, no caso da votación do punto 3 trátase dun erro que hai que corrixir; pero no resto, como xa advertiu anteriormente, salvo que se pida expresamente que conste en acta, recollerase o resumo, porque non se pode recoller todo.

Queda a acta sobre a mesa para comprobar a votación do punto tres.

2. Desestimento do procedemento de adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar, e aprobación, no seu caso, de novo expediente de contratación.

Dáse conta de que o asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, celebrada o 22 de marzo de 2017.

Non habendo intervencións, sometese a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros presentes da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a proposta de desistimento do expediente de contratación administrativa para o servizo de axuda non fogar do Concello de Mos, iniciado mediante acordo plenario do 30 de decembro de 2016, fundado en motivos de salvagarda do interese público e polas razóns expostas, baseadas na infracción non emendable dos artigos 87 e 88 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por erro no cálculo do prezo, sen axustarse ás condicións de mercado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos licitadores, e proceder á súa publicación no perfil do contratante.

Terceiro.- Acordar o inicio dun novo expediente de contratación no que recollan as modificacións nos pregos administrativos e nas prescricións técnicas cun novo orzamento de licitación, no seu caso, e sexa aprobado novamente conforme ás directrices en materia de contratación administrativa.

3. Modificación da Ordenanza Reguladora de Auto-Taxi.



Dáse conta de que o asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Educación, Participación Cidadá e Mobilidade, celebrada o 22 de marzo de 2017.

Intervén a Sra. González Pereira dicindo que votarán a favor xa que se trata dun acordo entre o Concello e os taxistas.

Seguidamente, a Sra. Alcaldesa somete a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros presentes da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de auto-taxis do Concello de Mos, coa inclusión dun **Anexo I** relativo ao modelo de licenza do servizo de auto-taxi e dun **Anexo II** relativo a modelo de permiso municipal de conductor.

Segundo.- Someter a referida modificación da Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias. De non presentarse reclamacións, a modificación da Ordenanza se considerará aprobada definitivamente de forma automática.

ANEXO I. LICENZA DO SERVIZO DE AUTOTAXI


CONCELLO DE MOS
SERVIZO DE AUTOTAXI 

LICENZA MUNICIPAL Nº: _____

O vehículo nº _____ de _____ prazas, número de
bestidor _____ H.P. _____ matrícula _____
propiedade de D/Dña _____ foi
autorizado para prestar servizo público de AUTOTAXI no Termo Municipal.
Mos, _____

A Alcaldía

ANEXO II. PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

CONCELLO DE MOS
SERVIZO DE AUTOTAXI 

PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

LICENZA MUNICIPAL Nº _____

D. _____

D.N.I. _____

Mos, _____

A Alcaldía

Validez _____



SECRETARIA

Praza do Concello n1- Petelos
36416 - Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

4. Aprobación expediente suplemento de crédito 01/17.

Dáse conta de que o asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Facenda e Contratación, celebrada o 22 de marzo de 2017.

O Sr. Rodríguez Alonso di que, supostamente se trata do superávit do ano 2016 que se quere adicar a amortizar débeda, axuda no fogar, enerxía eléctrica e que hai 2 partidas para Inversións que lle gustaría saber concretamente en que se vai inverter case 200.000 euros, e que visto que, segundo o informe de intervención, estase incumprindo o pago a provedores pensa que esa cantidade debería adicar ó pago de facturas pendente e ademais gustaríalle saber a débeda total cos provedores.

A Sra. Pérez Ucha manifesta que un pouco en base o mesmo que debía ser para amortizar débeda.

O Sr. Aldea Moscoso di que se absteñen xa que parte vai a pagar facturas.

A Sra. Alcadesa di que cando todas as contas se van cumprindo hai que buscar o que se vai dicir e cométese erros, o primeiro é que precisamente ese diñeiro destinase a pagar facturas pendentes e que se amortiza a débeda na porcentaxe que corresponde, que o superávit é de 1.600.000 e o remanente de 452.000 e que a lei di que un porcentaxe ten que ir para débeda e outro a pagar facturas pendentes polo que a pregunta en que se van a utilizar as inversións non ten razón de ser xa que hai que pagar as facturas pendentes por falta de crédito polo que é cuestión de que se pregunte en Tesourería cales son as factura pendentes e verase que en quince días están amortizadas, ese o problema de non pagar en trinta días a veces hai mais facturas que crédito neste momento o Concello está pagando a 60-70 días, pero estanse acertando prazo.

Seguidamente vótase, resultando aprobado por maioría, con votos a favor do grupo municipal do P.P. (9) e abstención do grupo Gañamos (4), do grupo P.S.deG.-P.S.O.E. (3) e do B.N.G. (1) ; o seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobación do expediente de modificación de crédito EXP. MC SC-CE 01/17 dotando crédito nas seguintes partidas

Partida	Denominación	Importe
16100.6290000	Inversións	70.995,61
453.629.0000	Inversións	125.295,52
453.210.0000	Mantemento e conservación	2.255,27
165.221.0000	Enerxía eléctrica	65.659,87
231.227.0601	Axuda no fogar	83.085,39
011.9130000	Amortización	104.843,47

Total._ 452.135,13

Segundo.- Proceder ao trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, no BOP; prazo durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. considerarase definitivamente aprobado se ao remate do período de exposición non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente. O expediente definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivera, e resumido por capítulos no da Provincia.

5. Dación de conta da liquidación do exercicio económico de 2016.

Dáse conta da aprobación por decreto, de data 28.02.2017 da liquidación correspondente ao exercicio económico de 2016, da que se desprende o seguinte **resume:**

Concepto	Importe
Dereitos líquidos pendentes de cobro a 31.12.2016	4.774.789,10
Fondos líquidos na Tesourería na mesma data	880.929,74
Suma	5.655.718,84
Obrigas recoñecidas pendentes de pago a 31.12.2016	2.027.276,25
Saldos pendentes de aplicación	-47.368,15
Saldos de dudoso cobro	3.128.939,31
Desglose:	
Remanentes para gastos con financ. Afectada	-
Saldo obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento a 31.12.2014	425.226,92
Remanentes Tesoureria para Gastos Xerais non afectados axustado	452.135,13

6. Dación de conta do informe de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento xeral correspondente ao exercicio de 2016

Dáse conta do informe do interventor no que “conclúe que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95 debendo destinarse o importe de acordo co artigo 32 LOEP en relación coa Disposición Adicional Sexta e a Disposición Adicional Séptima do R.D. Lei 17/2014, de 26 de decembro.

7. Dación de conta do Plan Concellos 2017

Dase conta do seguinte, das solicitudes no Plan Concellos:

“LIÑA 1: INVESTIMENTOS.

Na XGL de data 26.01.2017,

Proxecto de Estabilización del Terraplen en el vial Generoso Dominguez , por un importe de 130.869,12 € .

Na XGL 23.02.2017

- Proxecto de sustitución de céspede artificial do campo de fútbol Coto-Torrón, por 119.981,89 €
- M.S.V. en Baixada a Buenos Aires, Estrada das Baloutas y Camiño da Zapateira, por 127.950 €
- Humanización de la avda. De Puxeiros, entre la glorieta de la Estrada Puxeiros-Mos y el acceso a la a-55 en el pk-9. T.m. de mos (Pontevedra), por 261.858 €
- Suministro de estanterías de plataforma móvil para arquivo municipal por 19.199,13 €

Na XGL 09.03.2017

- Subministro de sinalización transporte Concello de Mos por 8.557,80 €
- Subministro de cadros eléctricos para o alumeadado público por 32.851,50 €

LIÑA 2: AMORTIZACION, PAGAMENTO DE DÉBEDAS E GASTO CORRENTE

Na XGL 23.02.2017

Servizo Público de Recollida e Transporte dos Residuos Sólidos Urbanos , e Limpeza Viaria no Concello de Mos, por un importe dun total de 144.416,22 € correspondentes ao pago de 3 meses a empresa adxudicataria; achegando a cantidade de 3.524,46 € para a cofinanciación.

LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Na XGL 02.02.2017

Contratación dos seguintes postos e categorías:

- Oficial de 1ª albanel (1 traballador)
- Oficial de 2ª albanel (2 traballadores)
- Operario conservador de parques e xardíns (2 traballadores)
 - Cunha duración da contratación de 10 meses
 - Cun coste total de: **100.479,2 €**
 - Acordando o cofinanciamento por parte do noso concello de 2.083,3€, destinado ao pago das indemnizacións por fin de contrato destes traballadores.”

O Sr. Vázquez Troitiño di que botan en faltan que no se inclúan dúas partidas para solicitar traballadores para dous servizo deficitarios como son servizos sociais e un monitor no ximnasio.

A Alcaldesa preguntalle se considera necesario todo o que se pide e que antes na Diputación habia para todo e agora non, polo que hai que estudar que pedir.



8. Resolucións Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

9. Comunicacions de Alcaldía.

Non hai comunicacions.

10. Mocións:

10.1. Moción para promover a economía de proximidade mediante a creación dun mercado nacional de horta.

A moción foi ditaminada pola Comisión informativa de Promoción económica, emprego e novas tecnoloxías, de 22 de febreiro de 2017.

De seguido, a concelleira Sra. Giráldez Leirós, expón a Moción:

“Beneficios para a comunidade:

Baseamonos en experiencias previas coma a dos mercados veciñais de verduras e froitas de outras vilas onde a veciñanza pon a venda os seus excedentes de froita e verdura de temporada podendo así conseguir uns ingresos extras e mellorar a súa economía familiar. Esta economía de proximidade ademais de fortalecer as relacións entre as veciñas e veciños tamén favorece unha alimentación máis sana baseada nunha agricultura máis ecolóxica. Podese incluír tamén unha sección de floristería doméstica e así ampliar a gama de produtos do mercado.

Mínima infraestrutura necesaria:

As instalacións e dotamento necesarias para cobixar e organizar este mercado son mínimas, só é necesaria unha explanada (mesmo un aparcamento) e unhas mesas para os postos. A exíguua infraestrutura necesaria permite tamén que a feria sexa itinerante podendo rotar por distintas parroquias. Se a iniciativa prospéra e medra, a súa actividade sempre poderíase buscar un lugar cuberto para os meses no que o tempo non acompaña e que o seu funcionamento non se vexa interrompido.


Participación veciñal:

Podese extender a participación convidando a asociacións municipais á venda por exemplo de enseres, xoguetes, ... de segunda man e así conseguir fondos para desenvolver as súas actividades. A condición básica para promover esta economía doméstica e de proximidade é que gran parte das vendedoras sexan veciñas que oferten os excedentes dos seus propios cultivos.

Regulamento:

O Concello redactará un regulamento de boas practicas que será asinado e polo tanto de obrigado cumprimento polas participantes. Adxuntamos un modelo de regulamento confeccionado tendo en conta precedentes xa implantados noutros Concellos de Galicia.

Entendemos que este proxecto ten que autofinanciarse cos cánons por posto que paguen cada participante pero recomendamos que para promocionar a iniciativa e fomentar a participación sexa gratuito os primeiros meses.



Resolución:

Por todo o anteriormente exposto instamos a corporación do Concello de Mos a emprender a creación dun mercado das características detalladas e promover todas as mediadas posibles para que este proxecto sexa exitoso."

O Sr. Muíños Pumar, di que é a segunda vez que se fala deste tema, que facer estes mercadillos dentro da legalidade e moi complicado e que para levalos "medio legais" non están de acordo, do éxito tampouco se pode falar porque o de Santiaguíño durou moi pouco polo que o seu grupo vai votar que non.

O Sr. Aldea Moscoso comenta que xa se trouxo doutra vez e que isto é absolutamente demagóxico que ao final é unha competencia para o pequeno comercio, preguntase quen vai controlar isto; o que se pode é potenciar as cooperativas.

O Sr. Soto Abadín, manifesta que coincide cos grupos anteriores, e que esta é a practica habitual de grupo municipal de GañaMos, que na Comisión extranaronse do que dicía a Ordenanza que nin a habían leído e que non vendan fume.

A Sra. Giráldez Leirós responde que se trata dunha cousa totalmente legal e que hai que ter soamente un campo, vontade e un Concello que apoie. Sobre o regulamento é un exemplo pero pódese cambiar.

O Sr. Rodríguez Dasilva engade que se trata dunha demanda da veciñanza que pide unha alternativa para comprar produtos frescos e que viron que funcionaba noutros concellos.

Pregunta o Sr. Augusto Martínez quen levará o control sanitario deses produtos.

Tras o debate procédese a votación resultando rexeitada por maioría, co voto negativo do grupo municipal do P.P. (9), do P.SdeG.-P.S.O.E. (3) e do B.N.G. (1), e o voto afirmativo do grupo municipal GañaMos (4).

10.2.Moción do grupo municipal do B.N.G. de Mos para a realización de melloras no CEIP de Atín.

A moción foi ditaminada pola Comisión informativa de Educación, Participación Cidadá e Mobilidade, de 22 de marzo de 2017.

A continuación o Sr. Aldea Moscoso expón a seguinte moción:

"O CEIP de Atín ten unha serie de carencias que motivaron a presentación por parte do grupo parlamentar do Bng, dunha enmenda aos orzamentos da Xunta de Galicia.

Esta enmenda foi rexeitada polo PP no parlamento galego, polo que desde o grupo municipal do Bng de Mos, traemos a este pleno esta moción para dar a oportunidade a esta corporación a definirse sobre as melloras que pedimos.

Sempre hai melloras que realizar en calquer centro escolar, pero co paso do tempo, hai algunhas que collen o cariz de urxentes a outras se lle resta importancia.



SECRETARIA

Praza do Concello n1- Petelos
36416 - Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

Unha mellora que é reclamada con urxencia hoxe en día, é a mellora do acceso ao centro escolar, que nestes momentos se fai por unha longa escaleira con bastante desnivel, o que significa un perigo para todos os usuarios/as do centro. Ademais o lugar de aparcamento non dá albergado a todos os vehículos á hora de deixar ou recoller aos alumnos/as.

Hay unha opción inmejorable, que é a adecuación dunha entrada pola zona do campo de deportes, o que esixiría o arranxo da parcela lindante co centro. Esta parcela que parece ser que xa é do concello, ten espazo suficiente para que unha vez arranxada teña capacidade para os autobuses e vehículos particulares que levan aos alumnos/as ao centro.

Ademais, habería que continuar co cambio das ventás do centro, que conseguiría un notorio aforro en calefacción dado o seu mal estado.

A rede do peche perimetral tamén está en mal estado, con ocos por onde poden pasar animais ao centro ou inclusive poden saír os nenos, concretamente na zona do parque infantil é onde é máis perigoso.

Por todo isto traemos a consideración deste pleno os seguintes acordos:

ACORDOS:

1.- Instar á delegación da educación da Xunta de Galicia a que leve adiante os arranxos no colexio, dando prazos de execución do cambio das ventás, do arranxo do peche perimetral, así como do arranxo da parcela que solucionaría o grave problema de aparcamento.

2.- No caso de facer caso omiso desta reclamación por parte da Xunta, instar ao goberno do concello de Mos a que leve adiante o arranxo da parcela do aparcamento, así como do peche perimetral. E que continúe presionando á Xunta para o resto dos arranxos."

A Sra. Monzón Otero, di que votarán en contra porque xa se está actuando e estanse levando a cabo obras e a dirección vai decidindo en que inverter segundo os cartos destinados.

A continuación, sométese a votación a moción resultando rexeitada co voto negativo do grupo municipal do P.P. (9) e o voto afirmativo do grupo municipal Gañamos (4), do P.SdeG.-P.S.O.E. (3) e do B.N.G. (1).

ASUNTO FORA DA ORDE DO DIA

ACEPTACION CESION MUIÑO DO CEPO

O Sr. Augusto Martínez explica que se quere executar a rehabilitación do "Muíño do Cepo", sito no barrio do Castro, para iso ten que haber unha cesión da propiedade, que llo cede ao Concello en uso durante 25 anos.

Explica a Secretaria que o acordo sería:

Acceptación por parte do Pleno, da cesión coa plena dispoñibilidade, durante 25 anos, do Muíño do Cepo para a rehabilitación e posta en funcionamento do devandito muíño e a realización no mesmo de actividades de tipo social e cultural.

O Sr. Rodríguez Alonso pregunta si o propietario vai recibir algunha outra contraprestación, aparte da rehabilitación e si se vai a abrir ao público.

Responde o Sr. Augusto Martínez si que terá un uso cultural e que se porá a funcionar; e o propietario non recibe nada mais.

O Sr. Vazquez Troitiño pregunta porque non se fai a cesión por mais anos.
A Alcaldesa responde que está case rematado, que non necesita moita obra.

O Sr. Muiños Pumar di que si que van a aceptar; pero queren que se teña en conta que a veces presentase unha moción e senón esta en prazo xa no entra e pide que o trato sexa sempre igual.

A Sra. Alcaldesa di que hai diferenza entre unha moción e unha xestión do goberno, que cando se trae algo así ao Pleno e porque remata algún prazo.

Pregunta o Sr. Aldea Moscoso si non haberá unha cesión anterior xa que se fixeron obras.
Responde o Sr. Augusto Martínez que non se atopa nos arquivos municipais e o propietario di que xa expirou.

Votase, primeiramente a inclusión na Orde do Dia, resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

A continuación procédese a votación resultando aprobada por unanimidade dos membros da Corporación o seguinte ACORDO:

Aceptar a cesión coa plena dispoñibilidade, durante 25 anos, do Muíño do Cepo para a rehabilitación e posta en funcionamento do devandito muíño e para a realización no mesmo de actividades de tipo social e cultural.

(Ao remate deste punto auséntase do Pleno o Sr. Rodríguez Alonso.)

1. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o Sr. Vazquez Troitiño, pregunta cantos cursos dos ofertados foron cancelados por non ter cuberto o mínimo de prazas.

Resposta a concelleira Sra. Monzón Otero, que o 2º curso de móbiles quedou sen facer por falta de xente.

Pregunta si se lembra porque motivo o Pleno acorda facer reclamación sobre o cruce de saída da AP-9 no alto de Puxeiros e despois contradícese na prensa dicindo que non está no territorio de Mos.

A Alcaldesa di que no Pleno ningún momento se tratou de desviar o tema pero como o Sr. Troitiño vai a prensa a facer demagogia, que ela responde dicindo que esta no Concello de Vigo pero quere que quede claro que alcaldesa fixo e fai as xestións.

O Sr. Rodríguez Dasilva pregunta que foi o que non entendeu da moción para destinar unha partida nos Orzamentos 2017 para mercar parcelas do Castro de Torroso.", nela pretendíase iniciar a compra de terreos para a recuperación patrimonial do mesmo .

Pregunta si o Concello ten pensado facer algo con respecto a empresa, que non esta ao corrente co pago cos seus traballadores, e esta facendo un muro na Veigadaña para o Concello.

A Alcaldesa responde que xa lle respondeu a Secretaria no seu despacho.

En que se van a inverter os novos 100.000 euros na adecuación Casa Rectoral de Petelos.

Responde a Alcaldesa en seguir rehabilitando e estase a solicitar da Conselleria de Política social axuda.

A **Sra. Giráldez Leirós** pregunta que tipo de formación e cursos fixo a policía local sobre a violencia de xénero.

Contesta a Alcaldesa que cando poida pida a audiencia co cabo e que lle pregunte

A **Sra. Pérez Ucha** pide que se arranxe o peche do parque da Arrufana.

Que se cambien os teitos do colexio de Atín que non se cambiaron todos.

O **Sr. Muíños Pumar**, di que a segunda vez que se propón o aprazamento dun Pleno por un motivo moi parecido e que teñen sospeitas de que non é real senón que se trata dunha excusa e si esto é así non estarían de acordo xa que as dúas veces foi baseado no mesmo e hai personal substitutivo.

Pregunta si se está aplicando ao persoal do Concello a Ley de Riesgos Laborales, porque esta lei saliu no 1995 e estamos no ano 2017 e haber si vai a haber algún caso e teñamos que botar as mans a cabeza porque a lei é para cumprir todos incluídos os funcionarios, que non sabe quen é o delegado de prevención dos traballadores.

A Sra. Alcaldesa responde que debería enterarse, falar coa Secretaria e con Tatiana que lle faga todas as preguntas. E sobre o cambio do Pleno sempre houbo harmonía e cando se puido por necesidade sempre se cambiou, que lle parece un pouco retorcido.

O **Sr. Aldea Moscoso** saíu na prensa que a policía local de Mos está no Tribunal de oposicións de Vigo, e como veciño de Mos non lle gusta nada o que se di, e pensa que hai que tomar medidas, que hai unha serie de insinuacións, que habería que demostrar, que son moi graves que se fala de amiguismo e enchufismo. Preguntase porque van dous policías de Mos a formar parte dun Tribunal e que non cree que esten tan folgados que como moito un; e segundo porque non se rematou o proceso de selección de policía en Mos.

Contesta a Alcaldesa que non se empezou; e que no proceso de Vigo pode haber un problema pero non no Concello de Mos, e os policías van a título persoal.

Sobre a obra de teatro “La Calderona” que era subidita de tono e non había unha limitación de idade, polo que se debe ter control; e prega que nun acto do Concello non se poñan sillas polos pasillos que lle parece moi grave, por seguridade.

Responde a concelleira delegada de Cultura, Sra. Cebreiro Alonso, di que a partir de agora se porá nos carteis a idade, pero si que se dicía ao vender a entrada que era para maiores de 12 anos. Respecto o das sillas que en ningún momento se ocuparon os pasillos estaban pegadas á parede.



SECRETARIA

Praza do Concello n1 - Petelos
36416 - Mos (Pontevedra)
Tfno.: 986 331 200
Fax. 986 336 618

O Sr. Aldea insiste no tema das sillas que non sebe poñer ningunha demais, a Alcaldesa di que está totalmente de acordo que os problemas é mellor evitalos.

Pregunta porque non se admiten no Rexistro escritos para a Confederación.
Respondeselle que se trata de ventanilla unica pero coa Xunta.

Pregunta que si están adxudicados o mantemento de xardíns porque se contrata a xente para xardíns.

Responde a Alcaldesa contratasen 3 albanels, pero necesitan servizo que será os dous peóns.

O Sr. Rodríguez Dasilva pregunta pola lonxitude do muro da Casa Rectoral e si o Concello ten unha partida para rehabilitar ese muro.

Responde a Alcaldesa que xa se falou cando se aprobou o Convenio no Pleno, e que a partir de agora as pregunta dese tema pódelle responder a Secretaria ou Manuel Toucedo que están mais no tema.

Roga que se inste a Fomento a que axilice as obras na autovía A-55.

O Sr. Vázquez Troitiño, roga que se inste a policía local a que faga as súas funcións de vixiancia urbanística xa que unha rampa polo que pasa o vehículo da policía, no camiño do Carballo do Can, tivo que ser el quen denunciou. Outro exemplo e que segundo a resolución de 09.02.2017 a policía tería que facer unha inspección diaria e tivo que ser Gañamos que denunciou outra vez a actividade.

A Alcaldesa di que no grupo de goberno non funciona a golpe de Gañamos, que este grupo o faille perder moito tempo aos funcionarios.

Prega que dimita a concelleira de urbanismo que despois das medicións da nave de Redphone resulta que é ilegal.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as once horas e trinta minutos do vinte e nove de marzo de dous mil dezasete, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

A Alcaldesa,
Visto e prace

Nidia M^a Arévalo Gómez

A secretaria,

M^a Angeles García Villaverde